



## Concello de Viveiro

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA VINTE E TRES DE XANEIRO DE 2017.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ BALSA RÁBADE

#### **INTERVENTOR POR DELEGACIÓN :**

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 23 de xaneiro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL E D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

### **1.- ENTRONCAMENTOS.**

#### **EXPTE. 217/2017. -**

Visto o expediente de entronque á rede de sumidoiros N<sup>o</sup> 12/16, tramitado a instancia de HERRAMIENTAS FERPA, S.L., con domicilio en Capela, 41, Magazos, Viveiro, na que solicita autorización para conexión de alcantarillado á rede de distribución para a finca con referencia catastral 2313206PJ1321S0001MY sita no Parque Empresarial de Landrove, para o tipo de obra: NAVE INDUSTRIAL.

Resultando que no expediente consta informe emitido pola empresa,

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

“Viaqua, S.A.U.”, en data 4 de xaneiro de 2017, no que se fai constar os seguintes datos:

Rede xeral do posible entroncamento	PVC Ø 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	5 m
Terreo	Terra
Observacións	A acometida xa foi realizada coa obra do polígono.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entronque á rede de sumidorio solicitado por HERRAMIENTAS FERPA, S.L., autorizando deste xeito a conexión de alcantarillado á rede de distribución para a finca sita no Parque Empresarial de Landrove debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e tramitación.

### **EXPTE. 4703/2016.-**

Visto o expediente de entronque de auga, N<sup>o</sup> 04/16, tramitado a instancia de HERRAMIENTAS FERPA, S.L., con domicilio en Capela, 41, Magazos, Viveiro, na que solicita o entronque á rede de abastecemento de auga, para a finca con referencia catastral 2313206PJ1321S0001MY sita no Parque Empresarial de Landrove, para o tipo de obra: NAVE INDUSTRIAL.

Resultando que no expediente consta informe emitido pola empresa, “Viaqua, S.A.U.”, en data 27 de decembro de 2016, no que se fai constar os seguintes datos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.E. 125
Diámetro da acometida	40
Lonxitude da acometida	5 m
Terreo	Terra
Observacións	A acometida xa foi realizada coa obra do polígono.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga solicitado por HERRAMIENTAS FERPA, S.L., debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 145,61 euros, segundo o art. 9.1 da Ordenanza.



## Concello de Viveiro

---

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e tramitación.

### **2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

#### **EXPTE. 244/2017.-**

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D<sup>ª</sup>. Silvia Rolle Fraga, en data 22 de decembro de 2016, co N<sup>º</sup> de rexistro 2016-E-RC-8245, referente á fianza depositada que ascende á cantidade de 1.800 euros, para responder dos posibles danos que se pudiesen ocasionar no espazo público ó realizar as obras de construción co exp<sup>te</sup>. URB/285/2014.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D<sup>ª</sup>. Silvia Rolle Fraga para responder da licenza URB/285/2014, que ascende á cantidade de 1.800 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación á interesada.

### **3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

#### **EXPTE. 984/2016.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA.**

Vista a certificación N<sup>º</sup> 1 e final da Obra denominada: "Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte no tramo entre Luis Trelles e a Praza de Juan Donapetry", por importe de 94.925,52 euros, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.), fiscalizada de conformidade por intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación N<sup>º</sup> 1 e final da Obra denominada "Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte no tramo entre Luis Trelles e a Praza de Juan Donapetry", por importe de 94.925,52 euros, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamentos de Contratación para o seu coñecemento e notificación a Intervención e

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Tesourería.

### **EXpte. 4311/2016.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.**

Visto o expediente de contratación CT 18/2016, (expte. 4311/2017) correspondente á tramitación do contrato de subministro denominado “Aluguer de equipos informáticos para o Concello de Viveiro mediante a modalidade de renting”.

Visto o informe favorable da Secretaría Xeral, coa conformidade de Intervención, no que se sinala, entre outros aspectos, que se trata dun gasto plurianual, e que a execución debe iniciarse no presente exercicio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación denominado “Aluguer de equipos informáticos para o Concello de Viveiro mediante a modalidade de renting”, cun orzamento total de 74.000,00 euros (IVE incluído) e unha duración de catro anos, aprobando así mesmo o gasto referente a esta actuación para a anualidade de 2017.

Segundo.- Adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2018 a 2020 as cantidades de 18.500,00 euros e no ano 2021 a cantidade de 4.625,00 euros, na aplicación 9200.206 da correspondente anualidade, para o financiamento das anualidades de 2018 e seguintes.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- Acordar a publicación de anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo outorgando un prazo de quince días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ó Departemanto de Intervención.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 13:50 horas do día 23 de xaneiro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## **Concello de Viveiro**

---

---

### **Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147